

**ADDENDA DE PRÓRROGA E MODIFICACIÓN AO CONVENIO QUE FOI SUBSCRITO O 21 DE DECEMBRO DE 2022 ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO, A AXENCIA TURISMO DE GALICIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA, PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA NA CORUÑA**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que a Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Secretaría de Estado de Turismo e O Concello da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia ata o 21 de xuño de 2029 dende o día da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a modificación das cláusulas terceira, cuarta, sexta e o anexo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.** O 21 de decembro de 2022 asinouse un convenio entre a Secretaría de Estado de Turismo, a Axencia Turismo de Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello da Coruña e foi inscrito para a súa entrada en vigor no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal (REOICO) o 21 de decembro de 2022 e publicado no "Boletín Oficial do Estado" (BOE).

De conformidade coa cláusula décimo oitava do convenio, a duración prevista do mesmo será de tres anos e seis meses, sen prexuízo das posibles prórrogas que puidesen outorgarse, sendo a vixencia inicial do mesmo ata o 21 de xuño de 2026.

Segundo as cláusulas décimo terceira e décimo oitava, as partes poden acordar de mutuo acordo e de forma expresa a modificación e prórroga do convenio.

**Segundo.-** Realizándose todas as achegas económicas da Secretaría de Estado de Turismo e do Concello da Coruña, e unha parte das achegas da Axencia de Turismo de Galicia, é vontade



das partes proceder á modificación e prórroga do convenio. Por iso, con data 17 de xuño de 2025, a Comisión de seguimento, en virtude das cláusulas novena, décimo terceira e décimo oitava, acordou, por unanimidade, a modificación do convenio. Conforme a iso, decídese prorrogar o convenio por 3 anos, incluíndose o prazo para a presentación da xustificación das actuacións.

**Terceiro.-** Considerando o estipulado, decídese modificar o anexo de actuacións do convenio. A modificación do anexo final de actuacións non conleva alteración algunha do orzamento total do Plan de Sustentabilidade Turística.

**Cuarto.-** A presente addenda ten por obxecto, por un lado, a prórroga do convenio por un prazo de 3 anos, afectando este ás cláusulas décima e décimo oitava, que aluden ao prazo de execución das actuacións e de vixencia e prórroga do convenio.

Por outro lado, a modificación da cláusula terceira que fai referencia á entidade executora do convenio e da cláusula cuarta e sexta, apartado primeiro, que fan referencia ao calendario das aportacións da Axencia de Turismo de Galicia. E finalmente, a modificación do anexo final de actuacións do PST.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

